

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA

As matrículas de honra outórganse nos derradeiros cursos de cada etapa, en 4º de ESO e en 2º de Bacharelato, conforme ao disposto, respectivamente, no artigo 31 da *Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa* e no artigo 34 da *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*.

Segundo se recolle nas disposicións citadas, **para outorgar as matrículas de honra deberánse cumprir os seguintes requisitos:**

- a) O alumnado que opte a esta mención deberá posuír unha media igual ou superior a 9 puntos no curso que realizou (4º ESO ou 2º BAC).
- b) Esta mención deberá concederse, como máximo, a un número de alumnas e alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no curso. En caso de que o total de alumnado do curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha matrícula de honra.
- c) A obtención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
- d) Os criterios para a concesión das matrículas de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Tendo en conta as disposicións mencionadas, no IES Camilo José Cela establécense os seguintes **criterios para o caso de empates** unha vez aplicadas as disposicións da normativa vixente:

Ao producirse empate en **4º de ESO:**

1. Outorgarase a matrícula a quen teña maior nota media en 3º de ESO.

2. Outorgarase a matrícula a quen teña maior nota media en 2º de ESO.
3. Outorgarase a matrícula a quen teña maior nota media en 1º de ESO.
4. De persistir o empate, sortearase unha letra ao azar nunha aplicación informática e levará a matrícula a persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima á sorteada en sentido ascendente no alfabeto. En caso de que o alumnado aspirante teña a mesma letra de apelido tomarase a segunda e sucesivas e en caso de que coincida o primeiro apelido, tomarase o segundo.

Ao producirse empate en **2º de BAC**:

1. Outorgarase a matrícula a quen teña maior nota media global no Bacharelato.
2. De persistir o empate, sortearase unha letra ao azar nunha aplicación informática e levará a matrícula a persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima á sorteada en sentido ascendente no alfabeto. En caso de que o alumnado aspirante teña a mesma letra de apelido tomarase a segunda e sucesivas e en caso de que coincida o primeiro apelido, tomarase o segundo.